

CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS

**FRANCISCO CACHARRO GOSENDE**, secretario da Asemblea do Consorcio de Augas de Valdeorras,

**C E R T I F I C O:** que a Asemblea do Consorcio de Augas de Valdeorras, na súa reunión do día 9 de decembro de 2015, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

**ADHESIÓN Ó CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA**

O secretario expón o contido da proposta. Non se producen intervencións e, por unanimidade, a Asemblea do Consorcio de Augas de Valdeorras adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar a adhesión do Consorcio de Augas de Valdeorras ó Convenio marco de cooperación da Deputación Provincial de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública.

2º) Transferirle á Deputación Provincial de Ourense, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no Portal da Transparencia de Ourense da información prevista nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, nos termos previstos no dito convenio.

3º) Designar como persoa responsable da execución do convenio a don Francisco Cacharro Gosende, secretario xeral do Consorcio de Augas de Valdeorras. Non obstante o anterior, facúltase expresamente ó Presidente para a súa substitución, así como para o nomeamento de suplentes, dando conta a Pleno.

E para que conste - nos termos do artigo 206 do vixente ROF - expido este certificado en Ourense, o 11 de decembro de dous mil quince.

V. e pr.

O PRESIDENTE,

